

MEDICIÓN DA SATISFACCIÓN

PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

Cuestionario para os directores/as e titores/as de teses

A Universidade de Vigo está a realizar unha enquisa para mellorar a calidade dos seus programas de doutoramento, e así contribuír á mellora da formación do estudantado e á mellora da propia Universidade.

Por iso, gustaríanos coñecer a súa opinión sobre diferentes aspectos da titulación contestando o seguinte cuestionario que lle tomará uns minutos. Se vostede é director/a ou titor/a de tese de máis dun programa de doutoramento, escolla aquel co que teña máis vinculación.

As súas respostas serán anónimas e confidenciais e nunca serán tratadas persoalmente. A identificación mediante o seu NIF, NIE ou outro documento cumpre a función de código de acceso, de forma que en ningún caso quedará asociada ás respostas emitidas ao encher o cuestionario.

Na maioría das preguntas basta con que exprese o seu grao de satisfacción puntuando de 1 a 5 as cuestións no lugar indicado para iso (o valor 1 é o máis negativo da escala e o 5 o máis positivo, sendo 3 o valor central). Noutras, a posible resposta é aberta.

A escala empregada é a seguinte:

(1) Moi insatisfactorio; (2) Insatisfactorio; (3) Aceptable; (4) Satisfactorio;

(5) Moi satisfactorio.

Se non ten ningunha opinión sobre algunha cuestión ou non é aplicable para vostede, pode deixala en branco.

Datos de entrada

1 Sexo (*Home / Muller*)

2 Perfil (*director/a de tese; titor/a de tese; director/a e titor/a de tese*)

3 Programa de doutoramento

Indique, por favor, o seu grao de satisfacción coas seguintes cuestións:

Xestión da titulación

Organización e desenvolvemento

1 A información proporcionada pola comisión académica do programa de doutoramento (CAPD)

2 A motivación e o coñecementos do estudiantado matriculado no programa

3 O apoio económico (contratos, bolsas) aos/ás doutorandos/as

4 O programa de axudas á mobilidade predoutoral

5 O funcionamento da CAPD

6 As actividades formativas para os/as doutorandos/as

7 Os sistemas de avaliación e seguimento dos/as doutorandos/as

Información e transparencia

8 A información proporcionada pola páxina web do programa

9 A información proporcionada pola páxina web da Escola Internacional de Doutoramento (Eido)

Recursos

Recursos humanos

10 Os requisitos esixidos para acreditar a experiencia investigadora

Recursos materiais e servizos

11 A adecuación e a dispoñibilidade dos laboratorios, aulas, espazos para talleres, equipamentos especiais, recursos bibliográficos, recursos e redes de telecomunicacións.

12 A información dos trámites relacionados coa tese de doutoramento

13 A xestión dos procesos administrativos relacionados coa dirección das teses

14 A rapidez na resolución das incidencias e reclamacións

Resultados

Resultados do programa formativo

15 A formación investigadora adquirida polo estudiantado

Pregunta de síntese:

16 En xeral, estou satisfeito/a co programa de doutoramento

Preguntas de resposta aberta:

En xeral, que é o que máis valora da titulación?

Segundo a súa opinión, que melloras considera que se deberían incorporar á titulación?

Pode incluír comentarios ou matizacións ás valoracións do cuestionario.

Moitas grazas pola súa colaboración